

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP DE MUIMENTA  
CURSO:3º  
MATERIA: PLÁSTICA  
DEPARTAMENTO:  
DATA:8 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo.	B1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.
B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	B2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
	B2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.
	B2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.
B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	B2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: A avaliación do 3º trimestre farase segundo as instrucións da Consellería de Educación do 27 de abril de 2020 , polo que terase en conta a 1º e 2º avaliación, e de cara a avaliación final, aquelas actividades achegadas polo alumnado telemáticamente, só serán tidas en conta de xeito positivo, nunca serán perxudiciais para a avaliación.</p>
	<p>Instrumentos: Os instrumentos de avaliación para a 3ª avaliación consistirán no seguimento das actividades propostas, que os alumnos/as recibirán polo medio correspondente e enviarán, sempre que sexa posible, realizadas ao mestre e que este revisará e devolverá aos alumnos/as, os comentarios recibidos sobre o material recibido.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020, considerará o conxunto das cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres. Tamén será tida en conta a observación por parte do mestre, das actividades de repaso e reforzo que este proporá aos seus alumnos/as para realizar na casa e que serán sometidas a revisión, sempre e cando se beneficie ao alumnado. A nota numérica do área será o resultado da media aritmética da primeira e segunda avaliación, sumándolle o correspondente da terceira avaliación, que será:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 05, puntos se o alumno/a entregou a metade das tarefas propostas</li> <li>- 1 punto, se o alumno/a entregou a totalidade das tarefas propostas</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Ningún alumno/a coa materia de plástica suspensa, nin no 1º nin no 2º trimestre.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>De recuperación: como xa dixen non hai ningún alumno/a coa materia de educación física suspensa, polo que non se plantean actividades de recuperación.</p> <p>De repaso e reforzo: Refórzanse os contidos traballados no 1º e no 2º trimestre dun xeito global, máis encamiñados as creacións de debuxos e pequenas creacións plásticas co material do que poden dispoñer nas súas casas.</p> <p>Todas as actividades propostas serán de repaso e reforzo do traballo presencial na escola e non haberá ampliación de materia para esta área.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>As actividades serán enviadas por correo electrónico a cada un dos alumnos e alumnas. Serán explicadas mediante textos explicativos, audios ou vídeos.</p> <p>A comunicación será fluída a través do correo electrónico, que servirá tanto para preguntar dúbidas como para a entrega e posterior corrección das actividades. Para calquera dúbida puntual e excepcional, apórtase tamén o número de teléfono personal do mestre ás familias, para que fagan uso del se así o cren convinte.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Correo electrónico</p> <p>Teléfono (chamadas, audios e whatsapp)</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Correo electrónico
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.